

# UNIDADES DE DESENVOLVEMENTO INFANTIL E APOIO FAMILIAR



**UDIAFS Deza-Salnés**  
**Memoria 2011**



Asociación Galega  
de Atención Temprana

**UNIDADES DE DESENVOLVEMENTO INFANTIL E  
APOIO FAMILIAR  
DO DEZA E DO SALNES**

**MEMORIA DE ACTIVIDADES  
E AVALIACIÓN 2011**

Consellería de Traballo e Benestar  
Secretaría de Familia e Benestar  
Edificio administrativo San Caetano  
Santiago de Compostela

De conformidade coa memoria de prescricións técnicas para o desenvolvemento do proxecto recollido no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Asociación Galega de Atención Temperá para contribuír ao financiamento dun “SERVICIO SOCIAL COMUNITARIO ESPECÍFICO DE ATENCIÓN TEMPERÁ A NENOS/AS/AS CON DISCAPACIDADES E AS SÚAS FAMILIAS”, convenio asinado o día 3 de Marzo de 2011, prácame remitirle a Memoria e a Avaliación das actividades realizadas polas UDIAFs ao longo do ano 2011, en cumprimento das cláusulas que o citado convenio establece.

## **Autores**

Xaime Ponte, Coordinador UDIAFS

Gema Martínez, Coordinadora UDIAF O Salnés

Yaiza Antelo, Psicóloga

Montse Meis, Terapeuta Desenvolvemento Infantil Atención Temprá

Carmen Piñeiro., Logopeda

Maia García, Coordinadora UDIAF O Deza

Marián Esparís, Terapeuta Desenvolvemento Infantil Atención Temprá

Lucia Formoso, Logopeda

Mónica Romero, Logopeda

Genma Rodriguez, Terapeuta Desenvolvemento Infantil Atención Temprá

## **Asociación Galega de Atención Temprá**

**R/Carmen 39-41 2º Esq.**

**15401 Ferrol**

**Tfno. 691448981**

**Correo-e: [agat@atenciontemprana.com](mailto:agat@atenciontemprana.com)**

**URL: <http://www.atenciontemprana.com>**

© Asociación Galega de Atención Temprá

## ÍNDICE

1. Antecedentes.....	4
2. Funcións.....	5
3. Comarcas de referencia.....	7
a. Deza	
b. Salnés	
4. Localización e horarios.....	9
5. Recursos humanos.....	10
6. Memoria de actividades.....	12
a. Prestacións individuais.....	10
i. Detalle cuantitativo por mes	
ii. Detalle cuantitativo por caso	
7. Avaliación.....	26
a. Creación, explotación e análise estatístico da base de datos de solicitudes.....	26
b. Estudo de prestacións individuais.....	32
c. Calidade dos procesos asistenciais.....	37
d. Avaliación de infraestruturas e soportes.....	38
e. Enquisa de satisfacción de familias.....	40
8. Conclusións.....	44
9. Índice de táboas.....	46
10. Índice de gráficos.....	47

# 1. ANTECEDENTES

As Unidades de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar (UDIAF) do Deza e do Salnés son servizos comunitarios específicos de atención temperá destinados a establecer medidas descentralizadas e territorializadas de promoción da autonomía persoal, prevención e apoio as familias con nenos/as con discapacidades no marco do sistema público dos servizos sociais, prioritariamente nas idades comprendidas entre os 0 e os 6 anos.

Ambas as dúas Unidades foron establecidas como unidades piloto nas comarcas do Deza e do Salnés no ano 2009, estando operativas a partir do mes de xullo dese ano co obxectivo de deseñar unha carteira de servizos, perfiles profesionais, metodoloxía de traballo en equipo, soportes e protocolos e módulos de formación para a creación dunha rede de servizos comunitarios específicos, de atención dende a proximidade as familias dos nenos/as con discapacidades de 0 a 16 anos, prioritariamente de 0 a 6 (ver Memoria de avaliación, Xunta de Galicia 2009)

## 2. FUNCIONES DAS UDIAF

### Descrición do servizo

O servizo abrangue un conxunto de actuacións de carácter preventivo, de detección e atención que inciden sobre os nenos/as, as familias e o contorno

- Asistencia ás familias dende o seu contorno.
- Atención globalizada e integral ás familias.
- Prevención das situacións de dependencia e promoción temperá da autonomía persoal
- Creación de espazos de autoaxuda, intercambio de información, sentimentos , expectativas, dificultades...
- Orientación, asesoramento e apoio evolutivo, psicolóxico ou psicopedagóxico.
- Realización de medidas compensadoras no propio contorno familiar.
- Programación de actividades no contorno familiar
- Apoio e asistencia técnica aos centros educativos e sociais
- Coordinación con outros recursos (atención primaria de servizos sociais, equipos de valoración e orientación, órganos de valoración e asesoramento da dependencia, equipos de orientación psicopedagóxica dos centros educativos, outros servizos sociais, prestacións económicas, axudas técnicas, accesibilidade...).

### Prestacións individuais

- Elaboración da ficha.
- Sesión de acollida. Entrevista. Sesións de observación. Diagnóstico da situación evolutiva.
- Acordo de obxectivos. Planificación coa familia das estratexias de intervención psicosocial para favorece-lo desenvolvemento do neno.
- Elaboración do plano de intervención. Programa de atención global.
- Entrevista de devolución.
- Desenvolvemento do tratamento.
- Avaliación e seguimento. Sesións familiares nas que se van valorando os avances e se planifican ou modifican actividades.
- Sesións cos educadores familiares para a coordinación de tarefas e obxectivos.
- Contactos cos centros educativos, sempre que o demanden e a familia o autorice.
- Informar e asesorar á familia sobre a integración en actividades de tempo libre, deportivas, culturais... que favorezan o desenvolvemento do neno.

### Prestacións comunitarias e de calidade

- Sesión mensual de coordinación con supervisor externo
- Sesións semanais de equipo para diagnóstico interdisciplinario e avaliación
- Contactos de coordinación institucional para formación de sinerxias de inclusión social
- Sesións de grupos de autoaxuda para inclusión familiar
- Programa anual de formación continua
- Enquisas de satisfacción e actividades de avaliación
- Asistencia ás familias dende o seu contorno.

## **Avaliación**

Avaliación cuantitativa e cualitativa da demanda efectiva, estudo de necesidades e recursos e análise dos niveis de satisfacción das familias mediante as seguintes actuacións:

- Presentación e oferta dos servizos das UDIAFs ás institucións e ás redes de recursos.
- Desenvolvemento de iniciativas de apoio ás familias en tres niveis diferenciados: individual, grupal e comunitario.
- Estudio interdisciplinario, coordinado por AGAT, da demanda individual
- Estudio interdisciplinario, coordinado por AGAT, da demanda grupal e comunitaria
- Análise da funcionalidade dos soportes e protocolos
- Enquisas de satisfacción das familias

### 3. COMARCAS DE REFERENCIA

As comarcas nas que se desenvolve a actividade das UDIAFS son as comarca do Deza e a comarca do Salnés, na provincia de Pontevedra. A primeira é un área rural e a segunda está formada por dúas áreas semiurbanas, as configuradas en torno a Vilagarcía e Cambados-Sanxenxo. O mapa de recursos de atención temperá e apoio ás familias dos nenos/as e nenas con discapacidades era moi deficitario nestas dúas comarcas, máxime tendo en conta a súa poboación (45.000 hab. e 100.000 hab. respectivamente) e a inaccesibilidade doutros recursos. Non existen unidades que presten esta atención e as familias carecen, no seu contorno inmediato, dos medios técnicos necesarios para atender as necesidades evolutivas, apoiar o desenvolvemento persoal e a integración social da familia.

#### A Comarca do Deza

A poboación da comarca é de 44.769 habitantes (2010), nunha extensión de 1.027 km<sup>2</sup> o que dá unha densidade de 43,5 hab./km<sup>2</sup>. Abrangue os municipios de: Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces. A maior agrupación de poboación pertence ó concello de Lalín con 21.216 h. o que representa case que o 50% da poboación total da Comarca, seguida de Silleda, Vila de Cruces, Agolada, Rodeiro e Dozón. Compre dicir que a taxa de natalidade da comarca é dun 6,2 % inferior á taxa media total da provincia de Pontevedra que acadou un 8,4% (fonte INE, Xaneiro 2004), e que estamos nunha área cunha taxa de fecundidade de 0,9 fillos por muller, na liña da baixa taxa galega. No ano 2005 naceron na comarca 262 nenos/as e no ano 2010, 281. En xeral, aprécianse as mesmas tendencias que en case tódolos países en canto ao incremento da idade da nai, aínda que acentuada (31,3), pero moi diferente en canto a nacementos extramatrimoniais (<1%). Pola súa banda no grupo de idade de 0 a 15, segundo o IGE a poboación total sitúase nos 4.613 habitantes

Táboa 1 Nacementos no Deza 2005-2010

	Agolada	Dozón	Lalín	Rodeiro	Silleda	Vila de Cruces	Deza
2005	11	4	132	15	72	28	262
2006	12	4	165	16	60	37	294
2007	18	3	145	12	71	40	289
2008	9	8	169	13	56	33	288
2009	10	3	148	16	67	38	282
2010	9	2	156	11	69	34	281



### A Comarca do Salnés.

A poboación da comarca é de 111.763 habitantes (INE 2005) habitando unha extensión de 275,2 km<sup>2</sup>, o que dá unha densidade de 391 hab./km<sup>2</sup>. Abrangue os municipios de: Illa de Arousa, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Ribadumia, Cambados, Meaño, Meis, Sanxenxo e O Grove. A maior agrupación de poboación pertence ó concello de Vilagarcía con 37.926 h. o que representa un 34% da poboación total da Comarca, seguida de Sanxenxo, Cambados, Vilanova e O Grove. Meaño, Meis, A Illa e Ribadumia son os concellos menos poboados. Compre dicir que a taxa de natalidade da comarca é dun 14,7% moi superior a taxa total da provincia de Pontevedra que tan só acada un 8,4% (fonte INE, Xaneiro 2004), e que estamos nunha das áreas de maior dinamismo demográfico de Galicia cunha taxa de fecundidade do 1.2. No ano 2005 naceron na comarca 1026 nenos/as e no ano 2010, 1014 apreciándose un descenso marcado respecto a tendencia dos anos anteriores. En xeral, aprécianse as mesmas tendencias que en case tódolos países en canto ao incremento da idade da nai (30.9), nacementos extramatrimoniais (>20%), incremento da actividade laboral da nai, etc. Pola súa banda no grupo de idade de 0 a 14 segundo o IGE a poboación sitúase cerca dos 15.000 habitantes

Táboa 2 Nacementos no Salnés 2005-2010

	Ribadumia	Meis	Meaño	Illa de Arousa, A	Grove, O	Cambados	Sanxenxo	Vilagarcía	Vilanova	O Salnés
2005	38	49	48	71	90	131	145	346	108	1026
2006	44	32	56	50	118	143	159	346	82	1030
2007	50	32	56	55	88	147	181	343	103	1055
2008	58	37	44	53	104	128	171	323	114	1032
2009	74	33	49	47	95	143	157	371	96	1065
2010	53	45	48	43	97	139	164	329	86	1014

## 4. LOCALIZACIÓN

### Localización e horarios

#### 1. UDIAF Deza

AGAT ten asinado un acordo co Concello de Lalín para a cesión dun local accesible e acondicionado na sede da UNED, Parque Empresarial Lalín 2000, Rúa E.

Horario de apertura – 38 horas de luns a venres, mañá e tarde

#### 2. UDIAF Salnés

AGAT conta con autorización de cesión pola Xunta de Galicia, Delegación Territorial de Pontevedra dunha sala polivalente e dun despacho profesional, accesibles e acondicionados no Centro Sociocomunitario de Vilagarcía de Arousa, Rúa Rosalía de Castro 24.

Horario de apertura – 38 horas de luns a venres, mañá e tarde

AGAT ten un acordo de cesión de locais en horario de mañá coa Asociación Esperanza do Salnés no Concello de Cambados, acordo que conta co Vº Bº do Concello, propietario dos locais.

## 5. RECURSOS HUMANOS

Están seleccionados os seguintes profesionais:

### UDIAF Deza

- 1 Titulado superior especialista en desenvolvemento infantil e apoio as familias.  
Contrato a tempo completo
- 1 Titulado medio especialista en desenvolvemento infantil e atención temperá.  
Contrato a tempo completo. En redución de xornada (5h.) durante 2011 por maternidade.
- 1 Logopeda, Titulado medio. Contrato a tempo parcial 18h/semana
- 1 Aux. Administrativo. Contrato a tempo parcial 15h/s
- 1 Coordinador da Asociación Galega de Atención Temperá, titulado superior especialista en desenvolvemento infantil e atención temperá, atende cunha periodicidade mensual á unidade e colabora co equipo profesional na orientación do traballo con grupos e comunitario

### UDIAF Salnés

- 1 Titulado superior especialista en desenvolvemento infantil e apoio as familias.  
Contrato a tempo completo
- 1 Titulado medio especialista en desenvolvemento infantil e atención temperá.  
Contrato a tempo completo
- 1 Logopeda, Titulado medio. Contrato a tempo parcial 20h/semana

- 1 Aux. Administrativo. Contrato a tempo parcial 15h/s
  
- 1 Coordinador da Asociación Galega de Atención Temprá, titulado superior especialista en desenvolvemento infantil e atención temprá, atende cunha periodicidade mensual á unidade e colabora co equipo profesional na orientación do traballo con grupos e comunitario

## 6. MEMORIA DE ACTIVIDADES

Preséntanse deseguido polo miúdo a memoria de actividades das unidades segundo a tipoloxía das prestacións ofertadas:

Prestacións individuais

- Detalle cuantitativo por mes
- Detalle cuantitativo por caso

PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS Detalle cuantitativo por meses

UDIAF: O Deza

MEMORIA PARCIAL DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS

ANO: 2011

Nº 1

Táboa 3

UDIAF	MES	Nº P INDI	Nª Familias/mes	Consulta Acollida	Sesión Diagnóstico	Sesión Apoio	Consulta Orientación	Entrevista Coordinac	Acción Coordinac	Lista espera	Ingresos	Altas
Deza	xaneiro	187	60	4	28	134	2	8	12	8	3	4
Deza	febreiro	243	57	6	20	183	2	7	23	8	8	1
Deza	marzo	228	50	4	3	207	1	7	14	11	4	1
Deza	abril	171	49	7	0	150	0	2	16	15	9	0
Deza	maio	227	46	2	7	189	1	4	24	15	2	3
Deza	xuño	232	50	5	9	195	1	2	22	25	2	10
Deza	xullo	167	36	1	6	152	1	2	5	18	1	4
Deza	agosto	140	36	3	2	132	1	2	4	25	2	3
Deza	setembro	177	47	4	10	145	1	5	16	30	1	3
Deza	outubro	215	45	4	19	158	4	12	18	28	6	2
Deza	novembro	196	44	0	7	165	0	11	16	28	0	2
Deza	decembro	172	47	1	7	142	0	9	17	28	1	1
Deza	2011	2355	47,25	41	118	1973	14	71	171		39	34

PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS Detalle cuantitativo por meses

UDIAF: O Salnés

MEMORIA ANUAL DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS

ANO: 2011 N° 1

Táboa 4

UDIAF	MES	N° P INDI	Nª Familias/mes	Consulta Acollida	Sesión Diagnóstico	Sesión Apoio	Consulta Orientación	Entrevista Coordinac	Acción Coordinac	Lista espera	Ingresos	Altas
Salnes	xaneiro	223	64	5	7	176	6	0	15	14	10	8
Salnés	febreiro	223	64	12	11	206	7	0	21	15	12	5
Salnés	marzo	276	65	5	25	200	6	4	13		5	6
Salnés	abril	230	60	3	6	173	14	15	9	20	3	4
Salnés	maio	230	54	7	9	172	16	4	14	19	7	4
Salnés	xuño	219	67	3	4	192	3	7	3	20	3	2
Salnés	xullo	176	52	2	4	157	4	2	7	20	2	3
Salnés	agosto	116	44	1	2	111	1	0	1	21	1	1
Salnés	setembro	177	59	4	6	146	9	5	7	22	4	5
Salnés	outubro	197	67	6	9	136	10	10	16	20	6	4
Salnés	novembro	180	70	8	13	124	9	3	11	20	8	2
Salnés	decembro	162	69	4	10	129	8	0	0	32	4	3
Salnés	2011	2409	61,25	60	106	1922	93	50	117		65	47

**PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS** Detalle personalizado por casos

UDIAF: O DEZA

**MEMORIA ANUAL DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS**

ANO: 2011

Nº: 1

**Táboa 5**

Nº	Entrada	Alta	Nome	ca	dx	ap	or	ec	ac	gf	out	Códigos ODAT
1	29/06/2009											
2	29/06/2009					70		3	4			
3	19/06/2009	23/11/2011				12	2					
4	12/06/2009					83	2	4	2			
5	17/06/2009					30			9			
6	15/06/2009					88			2			
7	02/07/2009					48		5	3			
8	29/06/2009					6			1			
9	01/07/2009			1	2	20		2	1			
10	01/07/2009				2	42		3	5			
11	02/07/2009					50		3	2			
12	24/07/2009					46	1	3	4			
13	24/07/2009	24/10/2011				1	1					
14	24/08/2009					24		1	5			
15	11/09/2009					95		2				
16	23/09/2009					42		1				
17	23/09/2009					45		1				
18	19/10/2009	07/02/2011				5			1			
19	19/10/2009				4	8		1	3			
20	22/10/2009					80		1	2			
21	26/10/2009	10/01/2011				1	1					
22	11/11/2009	02/09/2011				57		4	7			
23	18/11/2009					83		3	8			
24	24/11/2009	09/05/2011				15		1	4			
25	01/02/2010	01/07/2011				18		1	4			



**PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS** Detalle personalizado por casos

UDIAF: O DEZA

MEMORIA ANUAL DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS

ANO: 2011

Nº: 2

Táboa 6

Nº	Entrada	Alta	Nome	ca	dx	ap	or	ec	ac	gf	out	Códigos ODAT
26	19/02/2010					43						
27	25/02/2010											
28	24/03/2010					54			5			
29	06/04/2010											
30	19/04/2010											
31	05/05/2010				4	40			1			
32	05/05/2010					5			1			
33	11/05/2010	04/01/2011				2						
34	21/07/2010											
35	13/05/2010				4	45			1			
36	13/05/2010	21/09/2011				55						
37	01/06/2010	01/09/2011							1			
38	18/05/2010					1						
39	01/06/2010	06/06/2011				3						
40	22/06/2010					2	1		1			
41	23/06/2010											
42	16/07/2010					101		2	3			
43	22/07/2010	24/01/2011					1		1			
44	12/07/2010	27/06/2011				1			1			
45	14/07/2010											
46	08/07/2010	29/07/2011			3	17						
47	30/08/2010				3	90		1	2			
48	04/08/2010	10/05/2011					1					
49	03/09/2010				1	44			3			
50	02/09/2010	27/06/2011				4						

PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS Detalle personalizado por casos

UDIAF: O DEZA

MEMORIA ANUAL DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS

ANO: 2011

Nº: 3

Táboa 7

Nº	Entrada	Alta	Nome	ca	dx	ap	or	ec	ac	gf	out	Códigos ODAT
51	01/10/2010	03/05/2011				12			1			
52	04/10/2010	27/06/2011					1					
53	11/10/2010	03/06/2011							1			
54	14/09/2010	22/03/2011			3	2	1					
55	14/10/2010					46		1	8			
56	23/09/2010				4	42		6	3			
57	21/10/2010	19/01/2011			2							
58	11/11/2010				3	47		3	1			
59	25/10/2010				4	43			1			
60	17/11/2010					4			2			
61	30/11/2010	01/07/2011			3	8		1				
62	19/11/2010				8	51		2	1			
63	11/11/2010			1	12	35		4	6			
64	15/11/2010	28/06/2011		1	4	20			4			
65	09/12/2010	01/08/2011		1	5	11		1	3			
66	10/01/2011			1		4						
67	14/01/2011	10/02/2011		1			1					
68	11/01/2011			1					1			
69	25/01/2011	27/06/2011		2	1	16						
70	24/01/2011			2	2	10		1	2			
71	24/01/2011			1								
72	17/01/2011	23/06/2011		2		9			2			
73	09/02/2011	27/06/2011		1					1			
74	09/02/2011											
75	26/01/2011											

**PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS** Detalle personalizado por casos

UDIAF: O DEZA

**MEMORIA ANUAL DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS**

ANO: 2011

Nº: 4

Táboa 8

Nº	Entrada	Alta	Nome	ca	dx	ap	or	ec	ac	gf	out	Códigos ODAT
76	10/02/2011			1								
77	15/02/2011			1								
78	03/03/2011			2	2	8		1				
79	02/03/2011			1								
80	23/03/2011			1		1						
81	14/03/2011			1	2	22		2				
82	17/03/2011			1	5	12						
83	01/03/2011			1								
84	01/03/2011			1								
85	28/03/2011	01/07/2011		1		3						
86	24/03/2011			2		6		2	2			
87	14/04/2011			1								
88	21/03/2011	26/10/2011		1		3						
89	15/04/2011			1								
90	14/04/2011			3	7	7		1	5			
91	29/04/2011			2	4	12		2	4			
92	19/05/2011			1	3		1		5			
93	27/05/2011			1					1			
94	30/06/2011			1	1	2			2			
95	08/08/2011			1	4	12			3			
96	16/08/2011			1	1	4						
97	25/08/2011			1	1	11			2			
98	08/09/2011			1	6	7		1	2			
99	15/09/2011			1	2				1			
100	21/09/2011	27/10/2011		1	1	3			1			

**PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS** Detalle personalizado por casos

UDIAF: O DEZA

**MEMORIA ANUAL DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS**

ANO: 2011

Nº: 5

Táboa 9

Nº	Entrada	Alta	Nome	ca	dx	ap	or	ec	ac	gf	out	Códigos ODAT
101	01/01/1900	24/10/2011		1	1	1						
102	21/10/2011					2						
103	17/08/2011	31/10/2011									P.C	
104	27/04/2011										LE	
105	12/05/2011										LE	
106	15/06/2011										LE	
107	22/06/2011										LE	
108	22/06/2011										LE	
109	01/07/2011										LE	
110	05/07/2011										LE	
111	30/11/2011										LE	
112												
113	19/10/2011											
114												
115												
116												
117												
118												
119												
120												
121												
122												
123												
124												
125												

**PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS** Detalle personalizado por casos

UDIAF: **O** SALNES

**MEMORIA ANUAL DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS**

**ANO:** 2011

**Nº:** 1

**Táboa 10**

Nº	Entrada	Alta	Nome	ca	dx	ap	or	ec	ac	gf	out	Códigos ODAT
1	15/06/2009		M			41						
2	01/06/2009		M			74	1		1			
3	01/06/2009		V			76			1			
4	04/06/2009	25/01/2011	V			3						
5	08/06/2009	21/12/2011	V			43		2				
6	15/06/2009		M			76		7		3		
7	18/06/2009		V			51						
8	02/06/2009	07/03/2011	V			1						
9	24/06/2009		V			145		7	1	3		
10	29/06/2009	31/03/2011	V			6			1			
11	29/06/2009	31/03/2011	V			8			1			
12	18/09/2009	26/09/2011	V			32			3	4		
13	10/09/2009		V			36		1	5			
14	22/10/2009	13/09/2011	V			51						
15	22/10/2009	07/04/2011	M				1					
16	18/11/2009	25/04/2011	V			4						
17	20/11/2009	13/12/2011	V			37		1	1			
18	11/12/2009		V				4					
19	11/12/2009		V			75			2			
20	25/10/2010	05/01/2011	V				1					
21	17/12/2009		M			70		1	2			
22	15/01/2010		M			63		3	2			
23	18/01/2010		V			30			1	6		
24	25/01/2010		M			54		1	2			
25	25/02/2010		M			37			1	2		

**PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS** Detalle personalizado por casos

UDIAF: **O** **SALNES**

**MEMORIA ANUAL DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS**

**ANO:** 2011

**Nº:** 2

**Táboa 11**

Nº	Entrada	Alta	Nome	ca	dx	ap	or	ec	ac	gf	out	Códigos ODAT
26	25/02/2010		M			12	1		1			
27	24/03/2010		V			23			2			
28	06/04/2010	21/06/2011	V			18						
29	06/04/2010		M			34			1			
30	09/04/2010	27/01/2011	M			2			3			
31	26/04/2010		V		2	12	2	1				
32	12/04/2010	11/06/2011	M			9				3		
33	22/04/2010		V			29		2		6		
34	26/04/2010	28/11/2011	V			64			1			
35	11/05/2010		V			38			1			
36	06/05/2010		V			20			4	17		
37	26/05/2010	08/09/2011	V			45			1	1		
38	19/05/2010	01/02/2011	V				1		1			
39	19/05/2010		M			79			1	12		
40	26/05/2010	27/09/2011	V			26			4			
41	07/09/2011	07/11/2011	V	1								
42	31/05/2010	29/11/2011	V			17			1			
43	01/06/2010		V			7	4		2	1		
44	09/05/2011	17/11/2011	V									
45	29/06/2010		M			36		1	1	5		
46	29/07/2010	17/03/2011	V		6							
47	30/06/2010	29/09/2011	V			30		3	8			
48	02/08/2010	11/03/2011	M									
49	10/08/2010		V			40			7			
50	25/08/2010		M		2		3					

**PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS** Detalle personalizado por casos

UDIAF: **O** SALNES

**MEMORIA ANUAL DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS**

**ANO:** 2011

**Nº:** 3

**Táboa 12**

Nº	Entrada	Alta	Nome	ca	dx	ap	or	ec	ac	gf	out	Códigos ODAT
51	09/09/2010	24/05/2011	M				1					
52	01/09/2010	26/05/2011	V				1					
53	16/09/2010	11/04/2011	V									
54	16/09/2010	28/10/2011	M				2					
55	27/09/2010	30/08/2011	M			23			1			
56	24/09/2010		V				3			1		
57	23/09/2010	26/01/2011	M									
58	15/10/2010		M		2	32			4			
59	30/09/2010	10/02/2011	V				1					
60	28/10/2010	22/12/2011	M		3	21	1		5			
61	21/10/2010	19/01/2011	V									
62	18/10/2010		M		1	24			1	3		
63	21/10/2010	25/02/2011	V						1			
64	02/11/2010	25/02/2011	V									
65	10/11/2010		V									
66	22/11/2010	03/10/2011	V		1	11	1					
67	04/11/2010		V			26	1	2		1		
68	23/11/2010		M		4	21			1			
69	08/11/2010	11/01/2011	M		1							
70	08/11/2010	12/01/2011	V		1							
71	15/11/2010	03/03/2011	V									
72	03/12/2010		M	1	4	6	4		1			
73	26/11/2010	26/01/2011	V	1	1							
74	17/11/2010	25/02/2011	V									
75	02/12/2010		V	1	1		3					

**PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS** Detalle personalizado por casos

UDIAF: O SALNES

**MEMORIA ANUAL DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS**

ANO: 2011 N°: 4

Táboa 13

Nº	Entrada	Alta	Nome	ca	dx	ap	or	ec	ac	gf	out	Códigos ODAT
76	11/01/2011		M	1	3	18			2			
77	12/01/2011	29/11/2011	M	1	2	11		1	1			
78	31/01/2011		V	1	1		5					
79	14/01/2011	27/10/2011	M	1	1	13	1	1	2			
80	11/01/2011		V	1	1							
81	24/01/2011		V	1	2	21	3	2	2			
82	26/01/2011		M	1	1	25	1	2				
83	26/01/2011		V	1	1	18	1		4			
84	11/02/2011		V	1	1	8	1			12		
85	31/01/2011	05/05/2011	M		1		1					
86	10/02/2011	27/04/2011	M		1		1					
87	07/02/2011	27/10/2011	V	1	3	8	1	3	3			
88	08/02/2011		M	1	1	9	1		3			
89	17/02/2011		V	1		3	3		3			
90	21/02/2011		M	1	1		3		1	5		
91	18/03/2011		M	1	1	7				4		
92	22/03/2011		M	1	1		3		1			
93	21/03/2011		M	1	5	2	3	1	2			
94	15/03/2011	09/05/2011	M	1	1		1		1			
95	15/04/2011		M	1	2	7	1	3	4	2		
96	15/04/2011		M	1	2	3	3					
97	04/05/2011		M	1	1		2	1	2			
98	25/04/2011		M	1			2					
99	03/05/2011	08/06/2011	V	1	1		1					
100	09/05/2011		M	1	1		3					



**PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS** Detalle personalizado por casos

UDIAF: O SALNES

**MEMORIA ANUAL DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS**

ANO: 2011

Nº: 5

Táboa 14

Nº	Entrada	Alta	Nome	ca	dx	ap	or	ec	ac	gf	out	Códigos ODAT
101	10/05/2011		V	1			1		1			
102	13/05/2011		M	1	1		1		5			
103	19/05/2011		M	1	1		2					
104	08/06/2011	19/06/2011	M	1	1				1			
105	07/06/2011		V	1	1		2		1			
106	14/06/2011		V	1	5	5			3			
107	28/06/2011		V	1	1		1					
108	14/06/2011		V	1	1		1					
109	23/08/2011		M	1	1		1				LE	
110	01/09/2011		V	1	1		2		1			
111	21/09/2011		M	1	6	1					LE	
112	05/09/2011		M	1	1							
113	16/09/2011		M	1	1						LE	
114	20/09/2011		V	1	1						LE	
115	29/09/2011		V	1	1		1				LE	
116	10/10/2011		M	1	1						LE	
117	16/09/2011		V	1	3	2						
118	27/10/2011		V	1	1						LE	
119	17/10/2011		M	1	1		1				LE	
120	24/10/2011		M	1	1							
121	07/11/2011		M	1	1							
122	08/11/2011		M	1	1							
123	25/10/2011		V	1	1							
124	14/11/2011		V	1	1							
125												



## 7. AVALIACIÓN

A avaliación do traballo realizado en 2011 basease nos rexistros das bases de datos de ambas as dúas unidades, nos datos correspondentes ao traballo de caso recollidos nas carpetas de expediente individual e nas achegas dos profesionais realizadas nas sesións de avaliación cualitativa dos equipos e na xornada anual de avaliación das UDIAFS celebrada o día 13 de xaneiro de 2012

### **a) CREACIÓN, EXPLOTACIÓN E ANÁLISE ESTATÍSTICA DA BASE DE DATOS DE SOLICITUDES**

As solicitudes individuais presentadas polas familias nas UDIAF foron rexistradas nunha base de datos conformada polos seguintes epígrafes:

Nome e apelidos  
Enderezo  
Teléfono  
Localidade de orixe  
Sexo  
Data de nacemento  
Idade no momento da solicitude  
Data de ingreso na unidade  
Data de consulta de acollida  
Demora primeira consulta  
Derivación/procedencia ou orixe da demanda  
Nome do pai  
Nivel educativo  
Situación de emprego  
Nome da nai  
Nivel educativo  
Situación de emprego  
Tipo de problema evolutivo

### **ESTATÍSTICA DESCRIPTIVA**

No aspecto cuantitativo debe terse en conta a diferenza de poboación entre as comarcas do Deza e do Salnés e a limitación do rango de idade de 0 a 6 anos na Unidade do Salnés, conforme as previsións do convenio. A demanda segue a crecer con problemáticas evolutivas transversais, aínda que amosa características peculiares segundo sexa a dimensión que se considere:

### Ámbito temporal.

Na comarca do Deza, onde non se estableceu o límite de 0 a 6 anos, a demanda percorre todo o arco de idade aínda que tende ao predominio nese tramo. Atendéronse 112 familias (81 no 2010) de 0 a 16 anos, deles 56 no tramo de 0 a 6 anos. Na comarca do Deza a poboación infantil 0-6 alcanza un n.º de 1700 nenos/as e nenas, polo que foi atendido o 3,2% dese tramo de idade. O n.º de nenos/as 0-6 na comarca do Salnés sitúase no contorno dos 6000 polo que o n.º de nenos/as atendidos na franxa 0-6 (133) representa o 2,21 %.

**Táboa 15**

**Indicador: Nº de familias atendidas**

Nº de familias atendidas	2010	2011
Deza	81	112
Salnés	127	133

**Táboa 16**

**Indicador: Porcentaxe de poboación 0-6 atendida**

Nº de nenos/as atendidos 0-6	2010	% sobre total poboación 0-6	2011	% sobre total poboación 0-6
Deza	36	2,05 %	56	3,2 %
Salnés	110	1,83 %	133	2,21 %

**Sexo.** Dende esta variable mantense dun xeito significativo a diferenza entre o n.º de nenos/as e o n.º de nenas atendidos/as, aínda que con variacións significativas no Salnés..

**Táboa 17**

**Indicador: Sexo (M, V)**

UDIAF	Sexo	% 2010	% 2011
Deza	M	35,80	35,70
	V	64,20	64,30
	Total	100,0	100,0
Salnés	M	31,5	42,9
	V	68,5	57,1
	Total	100,0	100,0

**Territorio.** A estatística descritiva reflicte que os usuarios eran residentes de todos os concellos, inclusive dos máis pequenos, nas dúas comarcas, nalgúns casos cunha marcada desproporción entre poboación do concello e intensidade da demanda como no caso de Sanxenxo.

**Táboa 18**

**Indicador: Demanda por Concello – Comarca do Deza**

Concellos	2010		2011	
	Frecuencia	Porcentaxe	Frecuencia	Porcentaxe
s.d			1	,9
Agolada	8	9,9	7	6,3
Cruces	10	12,3	13	11,6
Dozón	3	3,7	1	,9
Lalín	38	46,9	60	53,6
Rodeiro	5	6,2	7	6,3
Silleda	17	21,0	23	20,5
Total	81	100,0	112	100,0

a UDIAF = DEZA

**Táboa 19**

**Indicador: Demanda por Concello – Comarca do Salnés**

	2010		2011	
	Frecuencia	Porcentaxe	Frecuencia	Porcentaxe
Cambados	15	11,8	11	8,3
Illa De Arousa	3	2,4	4	3,0
Meaño	8	6,3	15	11,3
Meis	14	11,0	7	5,3
O Grove	7	5,5	5	3,8
Ribadumia	14	11,0	13	9,8
Sanxenxo	2	1,6	8	6,0
Vilagarcía	52	40,9	59	44,4
Vilanova	12	9,4	11	8,3
Total	127	100,0	133	100,0

a UDIAF = SALNES

**Orixe da demanda.** No primeiro lugar sitúase, nas dúas UDIAF, a procedente da comunidade, realizada directamente polas propias familias, mentres que as derivacións dende os centros educativos descende ao segundo lugar no Deza e a o terceiro no Salnés. Os resultados son diferentes nas dúas unidades probablemente pola diferenza no ámbito temporal da poboación atendida. O diferencial entre o peso da demanda procedente de servizos de saúde e garderías é notable a favor do Salnés mentres que favorece claramente ao Deza na demanda procedente da comunidade e de servizos sociais.

**Táboa 20.**

**Indicador: Orixe da demanda**

Procedencia		% Deza 2010	% Deza 2011	% Salnés 2010	% Salnés 2011
Válidos	<b>Comunidade</b>	35,8	43,8	38,6	29,3
	<b>S. Educativos</b>	27,2	21,4	24,4	26,3
	<b>Garderías</b>	3,7	2,7	10,2	11,3
	<b>S. de Saúde</b>	11,1	9,8	11,8	27,1
	<b>S. Sociais</b>	22,2	15,2	15,0	5,3
	<b>Total</b>	100,0	100,0	100,0	100,0

a UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa Orixe da demanda 2010-2011

**Tipoloxía dos problemas.** Apréciase certa estabilidade nos problemas do desenvolvemento motriz, sensorial e cognitivo nas dúas unidades probablemente por ser os máis visibles e identificados dende o propio momento da derivación. O maior n.º de diagnósticos de entrada corresponden aos “problemas de conduta” no Deza e ao “retraso global” no Salnés. Outra diferenza significativa rexístrase no ámbito dos problema afectivo emocionais onde a UDIAF do Deza case que triplica o porcentaxe de caso do Salnés, unha diferenza que tamén cabe atribuír as diferenzas no ámbito de idade. Outro capítulo importante nas dúas unidades son os problemas da linguaxe e cabe subliñar tamén a presenza dun grupo sen diagnóstico definido por presentar dificultades transversais.

**Táboa 21**

**Indicador: Demanda por tipoloxía do problema**

		% Deza	% Deza	% Salnés	% Salnés
		2010	2011	2010	2011
	S/d	-----	15,2		17,3
Válidos	Outros	4,9	4,5	3,2	2,3
	P. Linguaxe	22,2	13,4	19,7	24,1
	P. Motriz	11,1	5,4	3,1	2,3
	P.Afectivo-emocional	14,8	18,8	4,7	6,8
	P.Cognitivo	6,2	5,4	8,7	3,0
	P.Conducta	25,9	27,7	37,8	16,5
	R. Global	14,8	9,8	22,8	27,8
	Total	100,0	100,0	100,0	100,0

a UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa 2010-2011 todos os casos

**Nivel educativo das familias.** Se estudamos o perfil das familias, apréciase que as nais teñen un nivel educativo superior aos pais. O nº de nais universitarias e o dobre do número de pais universitarios se ben, como veremos a continuación a situación laboral e peor entre as nais. Igualmente é menor o nº de nais que acadan os niveis mais baixos na escala de estudos

**Táboa 22**

**Indicador: Educación pai**

UDIAF			Frecuencia	Porcentaxe
DEZA	Válidos	Sen definir	17	15,2
		Sen estudos	1	,9
		Primaria	25	22,3
		Secundaria	27	24,1
		FP ou BAC	34	30,4
		Universitarios	8	7,1
		Total	112	100,0
SALNES	Válidos	Sen definir	15	11,3
		Primaria	19	14,3
		Secundaria	50	37,6
		FP ou BAC	33	24,8
		Universitarios	16	12,0
		Total	133	100,0

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa educación do pai 2011

**Táboa 23**

**Indicador: Educación nai**

UDIAF			Frecuencia	Porcentaxe
DEZA	Válidos	Sen definir	13	11,6
		Primaria	20	17,9
		Secundaria	27	24,1
		FP ou BAC	31	27,7
		Universitarios	21	18,8
		Total	112	100,
		SALNES	Válidos	Sen definir
		Sen estudos	1	,8
		Primaria	16	12,0
		Secundaria	38	28,6
		FP ou BAC	47	35,3
		Universitarios	22	16,5
		Total	133	100,0

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa educación da nai 2011

**Situación ocupacional das familias.** Os datos referidos á situación laboral das familias, continúan a traxectoria dos obtidos o ano anterior, no sentido do incremento de nº de pais en paro na comarca do Salnés mentres que se mantén o nivel de desemprego dos pais no Deza. A pesar de que o seu nivel educativo é superior o nº de mulleres que está fora do mercado laboral segue a ser maior que o nº de homes. Tan só traballan o 44% e 47% das nais nas dúas comarcas, mentres que máis do 20% están dedicadas as tarefas do fogar e outro 20% declárase parada.



**Táboa 24**

**Indicador : Emprego pai**

UDIAF			Frecuencia	Porcentaxe
